



*COTÁ (SAN MARTIÑO)



Parroquia cunha superficie de 11,9 km² situada ó leste do municipio de Friol, que conta con 163 habitantes repartidos nos lugares de Agruñá, As Casas da Feira, Coído, Cotá, Dombrollo, Os Lagouzos, A Pena, A Ponte, Portasueiro, A Rexidoira e Silvarredonda. A súa densidade de poboación é de 13,7 hab/Km².



Nesta parroquia sitúase un resto milenario, o Dolmen da Moruxosa. Trátase dunha construción megalítica que aínda está por datar e que foi recentemente declarada Ben de Interese Cultural. A través deste monumento dedúcese que os primeiros poboadores do lugar habitárono fai miles de anos. En canto á economía, en Cotá tiveron moita importancia as feiras, que se celebraban o día 18 de cada mes. Nelas vendíase gando, produtos da terra, roupa... Chegaron a ter bastante importancia pero, co tempo, remataron por desaparecer.

O topónimo de Cotá tamén está presente no Concello de Cesuras, onde é un lugar da parroquia de Borrifáns (San Pedro de Borrifáns). Porén, non está presente en ningún outro lugar de Galicia.

Cotá, aldea que lle deu nome á parroquia, aparece con distintos nomes nos Tumbos de Sobrado: no ano 1212 «*Cotane*» e en 1218 «*Cotae*», ao igual ca no «Memorial de Aniversarios» da Catedral de Lugo do ano 1282, onde se refiren á igrexa como «*Sancti Martini de Cotae*» e pouco despois «*Sancti Martini de Cotay*». Tamén se atopou un documento do ano 998 onde se refiren a Cotá como *Cotani*. Deste xeito, dedúcese que en orixe puido ser unha (*Villa*) *Cottana*, pertencente a **Cottanus*, derivado do antropónimo *Cotta*. Este topónimo, ao igual ca todos os rematados en «-a» tónico, resulta de pospoñer o sufixo adxectivo latino «-ana» ao nome dunha posesión territorial.

En canto aos lugares, **Agruñá** pode ser o resultado da evolución de *prunum*, a forma latina de «abruño». Porén, a hipótese máis probable é a que explica a súa orixe nunha *Villa Aproniana*, que estaría baixo o dominio de *Apronianus*. Como se explicou anteriormente, o sufixo latino «-ana» dá como resultado en galego un «-a» tónico.

Por outro lado, **As Casas da Feira** débelle o nome á actividade que se desenvolvía no lugar o día 18 de cada mes.

Outro dos lugares da parroquia é **Coído**, un orónimo que indica un emprazamento no que hai abundancia de *coio* («canto rodado»), unha palabra que podería proceder do termo céltico *crodiios*. Este topónimo é frecuente sobre todo en lugares próximos ó mar, pero tamén nas ribeiras dos ríos (neste caso, do río Narla).

Dombrollo, pola súa parte, procede do nome persoal autóctono *Domnus Braulius*. Esta hipótese vese reforzada polo achado que se fixo no século XIX duns documentos na catedral de Lugo nos que se fai referencia a *Don Broollo* coma un casal desta parroquia.

Por outra parte, **Os Lagouzos** é un hidrónimo que fai referencia á existencia de pequenas lagoas e que deriva do termo latino *lacus* («lago»), ao que se lle engadiu o sufixo vulgar *-uc(c)eus*. Deste xeito, *lacus+ucceus*>lagouzos.

Outro topónimo é **A Pena**, que procede do latín *pinna* ou *penna* e que inicialmente designaba unha aleta pero que rematou por dárle nome a un saínte do terreo ou dunha fortificación.

Outro lugar da parroquia de Cotá é **A Ponte**, un topónimo que procede do latín *pons*, *pontis*. Fai referencia á ponte que cruza o río, situada nese lugar.

Portasueiro, pola súa parte, tal como indica Nicando Ares (2011: 860), relaciónase con *porta* e co nome persoal *Suaris/Suerius*, que se identificaba co animal *sus* («cocho») e que era un símbolo de humildade entre os cristiáns.

En canto a **A Rexidoira**, pode partir do verbo latino *regere* («rexedor, rexedora, rexedoría»), aínda que tamén se pode relacionar con *rugire* («ruxir»).

Por último, **Silvarredonda** relaciónase con *silva* («selva») e con *rotunda* («redonda»), polo que se deduce que no pasado foi un couto con moita vexetación. Outra hipótese, aínda que moito menos probable, é que fose unha vila pertencente a unha persoa chamada *Silva* e apelidada *Rotunda*.

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis